

## A CADEA DE VALOR DA MADEIRA CHEGA A UN CONSENSO PARA O SECTOR FORESTAL DE GALICIA

▪ Trala celebración de varias reunións dende o pasado ano e convocadas pola Fundación Juana de Vega, os diferentes axentes do sector e da sociedade civil alcanzan un consenso que se reflicte nunhas regras compartidas para favorecer o desenvolvemento do sector forestal en Galicia.

*Santiago, 14 de maio de 2018.*- As asociacións de propietarios forestais, empresas de servizos e da industria de primeira e segunda transformación, que conforman a cadea de valor da madeira, convocadas pola Fundación Juana de Vega e tras meses de reunións de traballo nas que se debateron e intercambiaron ideas, presentaron esta mañá as propostas de consenso para o sector forestal de Galicia nun acto celebrado na Cidade da Cultura e que contou con representantes de todas as asociacións da cadea, así como membros da sociedade civil, das universidades, da política e de entidades ecoloxistas.

Partindo das problemáticas actuais que presenta a sustentabilidade do monte na súa tripla vertente económica, social e medioambiental, orixinadas, entre outras causas polo despoboamento do rural e o abandono do territorio e as condicións climáticas e edafolóxicas, establecéronse unha serie de propostas que pretenden reverter esta situación. As propostas están orientadas a superar a excesiva fragmentación da propiedade, simplificar a normativa que afecta á xestión do monte, diversificar a produción forestal, avanzar nos procesos de ordenación e certificación forestal e camiñar con paso firme cara a bioeconomía como motor de desenvolvemento futuro e xerador de riqueza nos espazos rurais, entre outras.

Os axentes implicados acadaron unha serie de puntos de consenso cos que pretenden abrir novos camiños para o desenvolvemento do sector e servir de orientación ás políticas públicas para a ordenación e a xestión forestal, nas que deben primar unha visión a longo prazo. O medioambiente e o sector forestal precisan dunha estabilidade que perviva nos anos e nas xeracións.

### Propostas de consenso xa aprobadas

O presidente da Fundación Juana de Vega, Enrique Sáez, e o presidente do Cluster da Madeira e o Deseño de Galicia, José Manuel Iglesias, foron os encargados de facer públicas as propostas de consenso para o sector forestal de Galicia ante os representantes das diferentes entidades e axentes que participaron neste proceso.

O documento reflicte a realidade do sector forestal galego e recolle as súas demandas e necesidades. Con el preténdese establecer un punto de partida que permita posicionar ao sector forestal no lugar que lle corresponde.

## NP Propostas de consenso para o sector forestal de Galicia

As liñas de consenso acadadas, resúmense en oito grandes puntos que pretenden ser comprendidos e tidos en conta tanto pola Administración como polo conxunto da sociedade. Cada un destes puntos atópase desenvolvido nun documento final.

- O futuro do medio rural dependerá da súa capacidade de xerar valor e do seu recoñecemento social
- Sustentabilidade social, ambiental e económica. Cómpre rachar coa dicotomía medioambiente/produción
- É fundamental superar os problemas do abandono do rural.
- Potenciación de actuacións de base colectiva e comunitaria que permitan superar os problemas de minifundio e impulso da certificación forestal.
- Simplificación e clarificación da normativa vixente, cun marco claro e a longo prazo na ordenación xeral do territorio.
- Concienciación social sobre os valores do monte.
- Formación e innovación ao longo de toda a cadea de valor para mellorar a competitividade.
- O sector forestal debe promover a biodiversidade e o deseño de produto e avanzar cara a bioeconomía para xerar valor sostible a longo prazo.

A cadea de valor da madeira quere destacar o esforzo realizado por todos os participantes nestas reunións, demostrando a súa boa disposición para chegar a este consenso. Coas propostas acordadas, os participantes desexan que se vele polo futuro do sector forestal e insta aos partidos políticos a actuar coas miras postas a longo prazo.

*N.B.- Achégase documento completo e desenvolvido das propostas de consenso*